

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEVEDRA**

ANUNCIO de convocatoria de procesos selectivos para cubrir varias prazas da oferta de emprego público do ano 2019 (quenda promoción interna).

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOP) nº 50, do 12 de marzo de 2020, publicáronse as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria para o acceso a diversas prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na OEP 2019.

A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura convocou, mediante Resolución do 5 de marzo de 2020, os procesos selectivos para a cobertura, pola promoción interna, de diversas prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público do ano 2019, que a continuación se sinalan:

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de Administración xeral, subescala administrativa. Número de vacantes: 3. Denominación: administrativo.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de Administración xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes: 5. Denominación: auxiliar.

– Grupo segundo o artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de Administración xeral, subescala de xestión. Número de vacantes: 1. Denominación: técnico medio.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, publicándose os sucesivos anuncios no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de editos da corporación nos termos establecidos nas bases.

Pontevedra, 12 de marzo de 2020

O alcalde

P.D. (Acordo da Xunta de Goberno Local do 15.6.2019)

María del Carmen Fouces Díaz

A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura

